CIG Saúde informa

Vacinar con seguridade é un dereito



CIG-Saúde denuncia que o SERGAS segue distribuíndo vacinas sen dispositivos de bioseguridade, expoñendo o persoal a picadas accidentais evitables.

A situación afecta á campaña da gripe e á vacinación ordinaria.

Na vacinación pediátrica, o persoal informa de que se están a subministrar vacinas sen agullas de seguridade.

Na campaña da gripe, nos mesmos centros conviven presentacións de Efluelda e Vaxigrip con e sen dispositivos de protección.

337 accidentes por picadas ou cortes

No primeiro semestre de 2026, o SERGAS rexistrou 337 accidentes por picadas ou cortes. En **208 casos (61,7 %)**, o material carecía de dispositivos de seguridade.

Datos do conxunto da actividade asistencial do SERGAS.

Que reclama CIG-Saúde? (Enviamos escrito ao SERGAS)

1. Dispositivos de bioseguridade en todas as vacinas, incluídas as do calendario pediátrico, garantindo a continuidade da atención.
2. Material seguro desde a compra. Que o SERGAS lle esixa ás empresas provedoras, revisar as presentacións distribuídas e incorporar a bioseguridade aos criterios de compra.
3. Investigar as picadas accidentais, revisar as avaliacións de riscos e comunicar as medidas preventivas e os prazos para aplicalas.

Ningunha picada evitable.
Bioseguridade en todas as vacinacións.